



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 30 DE DECEMBRO DO 2020.**

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde))</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario acctal.: D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
---	---

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día trinta de decembro do dous mil vinte, os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 23/12/2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- LICENZA DE OBRA MAIOR PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, BAIXO CUBERTA E PECHE DE PARCELA (Solo de Núcleo Rural C-2 e Solo Rústico de Protección Ordinaria). LUGAR DE A PONTE, ARTES, RIBEIRA. PROMOTOR: ÓSCAR LEÓNIDAS SIEIRA GONZÁLEZ

VISTA a solicitude de licencia de obra maior presentada por Óscar Leónidas Sieira González, para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, BAIXOCUBERTA e PECHE DE PARCELA**, no lugar de A Ponte, Artes, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A940019730001IP, nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 10 de xuño de 2020, da documentación xustificativa da materialización de conexión a servicios redactados polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, así como da resolución favorable de día 5 de xuño de 2020 emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2020000021481:

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos na data 3 de decembro de 2020 en relación á licenza de primeira ocupación facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, e que da documentación obrante no expediente considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa que resulta de aplicación.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 09/12/2020, a **Xunta de Goberno Local**, que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Óscar Leónidas Sieira González, **LICENZA DE OBRAS (Nº 38/20)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTABAIXA, BAIXOCUBERTA e PECHE DE PARCELA**, no lugar de A Ponte, Artes, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A940019730001IP, nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 10 de xuño de 2020, da documentación xustificativa da materialización de conexión a servicios redactados polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, así como da resolución favorable de día 5 de xuño de 2020 emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2020000021481:

-As actuacións autorizadas non se poderán iniciar sen que o persoal do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña comprobe a súa correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable de día 5 de xuño de 2020 pola que se aproba a





concesión de autorización de obra para construción de peche de parcela na DP 7304 – de Xarás a Ribeira P.K. 2 + 064 - 2 + 093 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 202000021481, asinado polo Sr. José Luis Almu Supelvia así polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso.

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar coa solicitude de licenza de primeira ocupación **a acta de conformidade emitida en relación á correcta implantación**, segundo o disposto na resolución favorable de día 5 de xuño de 2020 pola que se aproba a concesión de autorización de obra para construción de peche de parcela na DP 7304 – de Xarás a Ribeira P.K. 2 + 064 - 2 + 093 marxen dereita emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 202000021481, asinado polo Sr. José Luis Almu Supelvia así polo Presidente da Deputación Sr. Valentín González Formoso.

CUARTO.- *Teranse en conta as seguintes condicións xerais:*

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto*



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-Alcaldesa en funciones - 15/01/2021
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 15/01/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/01/2021 16:54:40

DOCUMENTO: 20210615045

Fecha: 15/01/2021

Hora: 16:52





valado.

- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de RIBEIRA encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210615045
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-Alcaldesa en funciones	15/01/2021	Fecha: 15/01/2021
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES	15/01/2021	Hora: 16:52
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/01/2021 16:54:40		





propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - NEREA PÉREZ BOUZÓN E ALBERTO DIOS MARTÍNEZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta baixa.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado Ordenanza 6.3-B Residencial Extensiva Unifamiliar Illada

REFª CATASTRAL: 15074A014003290000KH.

SITUACIÓN: Finca A Devesa, lugar de A Capela, Carreira, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sra. Nerea Pérez Bouzón e Sr. Alberto Dios Martínez.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José Luis Recuna Cuiña e Sr. José María Fernández Dapena, (arquitecto col. nº 1.195 e 2.074 respectivamente).

PROXECTO: Proxecto Básico de xullo de 2020 / Planos modificados de outubro de 2020 / Informe complementario de novembro de 2020.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 139.000,00 €.

VISTOS os escritos presentados pola Sra. Nerea Pérez Bouzón e polo Sr. Alberto Dios Martínez, rexistrados de entrada os días 14, 19 de agosto, e 1 de decembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 10.031, 10.032, 10.168 e 16.168), mediante os que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa na finca a devesa, sita no lugar de A Capela, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A014003290000KH, achegándose Proxecto Básico de xullo de 2020, Planos modificados de outubro de 2020, Informe complementario de novembro de 2020 redactados polo Sr. José Luis Recuna Cuiña e Sr. José María Fernández Dapena, (arquitecto col. nº 1.195 e 2.074 respectivamente)

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 14 de decembro de 2020, no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

VISTO o informe emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 18 de decembro de 2020 en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de 1.965,67 €.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/12/2020, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:





PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Nerea Pérez Bouzón e ao Sr. Alberto Dios Martínez **LICENZA DE OBRAS (Nº39/20)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na finca a devesa, sita no lugar de A Capela, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A014003290000KH, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2020, Planos modificados de outubro de 2020, Informe complementario de novembro de 2020 redactados polo Sr. José Luis Recuna Cuiña e Sr. José María Fernández Dapena, (arquitecto col. nº 1.195 e 2.074 respectivamente):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.**
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 1.965,67 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza,** segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visao colexial.**

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas*





de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - EFRÉN FERNÁNDEZ LAGO.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 15074A007008390000KH.

SITUACIÓN: Lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sr. Efrén Fernández Lago, (DNI 52.459.540-J).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875).

PROXECTO: Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de setembro de 2020.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 21 de setembro de 2020.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 165.000,00 €.

VISTO o acordo da Xunta de Goberno Local em sesión celebrada o día 21 de novembro de 2019 acordou conceder á entidade CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL S.L. a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA Nº 9/19** con refª catastral nº 15074A007008390000KH denominada denominada “Bouzón” sita no Lugar de Insuela, Palmeira, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2019 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez así como Escritura de Propiedade, resultando finalmente tres fincas:

- **FINCA F-1** cunha superficie bruta de 651,30 m², unha superficie de cesión de 15,30 m² resultando unha unha superficie neta de 636,00 m².
- **FINCA F-2** cunha superficie bruta de 662,30 m², unha superficie de cesión de 15,30 m² resultando unha unha superficie neta de 647,00 m².





- **FINCA F-3** cunha superficie bruta de 693,40 m², unha superficie de cesión de 15,40 m² resultando unha unha superficie neta de 678,00 m².

VISTO en relación ca anterior licenza de segregación que consta no expediente o contrato de cesión asinado o día 2 de decembro de 2019 polo Sr. Genaro Cadabal González (DN.I. 52.458.126-W) en representación da sociedade de carácter unipersonal CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL S.L., (C.I.F. B-15879794), polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de superficie total de cesión de 46,00 m², resultando na franxa sita na Finca F-1 unha superficie de cesión de 15,30 m², na Finca F-2 unha superficie de cesión de 15,30 m² e na Finca F-3 unha superficie de cesión de 15,40 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTOS os escritos presentados polo Sr. Efrén Fernández Lago, (DNI 52.459.540-J), rexistrado de entrada o días 13 de outubro e 22 de setembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 13.311 e 12.006), mediante os que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira, en parcela F-3 resultante da licenza de segregación nº 9/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2019 con refª catastral nº 15074A007008390000KH sita no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de setembro de 2020 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875) así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 21 de setembro de 2020.

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 4 de novembro de 2020, no que analiza o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

Asimesmo, a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 7 de decembro de 2020 emite informe en relación fianza a constituir para responder dos 15,40 m² xa cedidos ao concello de Ribeira na Finca-3 (resultante da licenza de segregación nº 9/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2019, contrato de cesión asinado o día 2 de decembro de 2019 polo Sr. Genaro Cadabal González), contemplando unha fianza para responder polos servizos urbanísticos a completar pola construción da vivenda unifamiliar de 816,22 €.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/12/2020, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Efrén Fernández Lago **LICENZA DE OBRAS (Nº 40/20)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, en parcela F-3 resultante da licenza de segregación nº 9/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2019, con refª catastral nº 15074A007008390000KH sita no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210615045
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-Alcaldesa en funciones	- 15/01/2021	Fecha: 15/01/2021
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES	- 15/01/2021	Hora: 16:52
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/01/2021 16:54:40		





setembro de 2020 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875):

- Deberá en relación aos **15,40 m² xa cedidos ao concello de Ribeira** na (Finca-3 resultante da licenza de segregación nº 9/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 2 de decembro de 2019, contrato de cesión asinado o día 2 de decembro de 2019 polo Sr. Genaro Cadabal González), completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 816,22 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*





- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E CONCESIÓN DE DE LICENZA OBRA – JUAN JOSÉ IGLESIAS FONTÁNS.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Rehabilitación de cuberta con aumento de volumen en vivenda unifamiliar existente.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 15074A035003150000KR.

SITUACIÓN: Camiño do Brañal nº 14, Palmeira, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sr. José Iglesias Fontáns (DNI 44.808.064-Q).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Antonio Lijó Otero, (arquitecto técnico col. 1.428)

PROXECTO: Proxecto Técnico de novembro de 2020.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 4.475,00 €.

VISTO os escrito presentado polo Sr. Juan José Iglesias Fontáns (DNI 44.808.064-Q), rexistrados de entrada os días 18 de novembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 15.558), mediante os que solicita licenza de obras para Rehabilitación e ampliación de cuberta en vivenda unifamiliar existente, na Camiño do Brañal nº 14, Palmeira, Ribeira, en parcela con refªs catastral nº 15074A035003150000KR achegando Proxecto Técnico de novembro de 2020 redactado polo Sr. Antonio Lijó Otero, (arquitecto técnico col. 1.428).

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 30 de novembro de 2020, no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/11/2020, **A**



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210615045
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-Alcaldesa en funciones - 15/01/2021		Fecha: 15/01/2021
JOSE MARTINEZ DE LLANO OROSA-SECRETARIO GENERAL EN FUNCIONES - 15/01/2021		Hora: 16:52
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/01/2021 16:54:40		





XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións realizadas na vivenda unifamiliar sita no Camiño do Brañal nº 14, Palmeira, Ribeira, en parcela con ref^{as} catastral nº 15074A035003150000KR, son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

SEGUNDO.- Dispoñer o levantamento da paralización e proceder ao arquivo do expediente de reposición da legalidade urbanística.

TERCEIRO.- CONCEDER á Sr. Juan José Iglesias Fontáns **LICENZA DE OBRAS (Nº 41/20)** para **REHABILITACIÓN DE CUBERTA** en vivenda unifamiliar existente no Camiño do Brañal nº 14, Palmeira, Ribeira, en parcela con ref^{as} catastral nº 15074A035003150000KR, nos termos do Proxecto Técnico de novembro de 2020 redactado polo Sr. Antonio Lijó Otero, (arquitecto técnico col. 1.428):

- **Oficio de Dirección de Obra e de Execución Material** co preceptivo visado colexial.

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de*





xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*





- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ENRIQUE MANUEL BUELA CASAL, POLOS DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POR MOR DA CAÍDA DA POLA DUNHA ÁRBORE. EXPEDIENTE: RP/17/2019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Enrique Manuel Buela Casal** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro. - O día 22 de agosto de 2018, o Sr. Enrique Manuel Buela Casal, con DNI número 33.238.056-C, tiña estacionado o seu vehículo marca Skoda Octavia, matrícula 1216 CXZ, na Rúa Río Azor, no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, cando de súpeto, unha pola dunha árbore caeu enriba do mesmo, ocasionándolle danos no citado automóbil.





Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 22/11/2019 co número 16.364, o Sr. Buela Casal promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 361,86 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia do permiso de circulación do vehículo; copia do informe de danos realizado pola Policía local do Concello de Ribeira como consecuencia do sinistro, coa súa correspondente dilixencia fotográfica; e copia de informe pericial.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe asinado na data 28/08/2018 pola Policía Local; unha consulta ao rexistro de vehículos da Dirección Xeral de Tráfico; e un informe emitido na data 02/11/2020 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 19/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións





producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, e no concernente ós aspectos formais do expediente, de entrada pode suscitar certa dúbida o relativo o prazo no que a reclamación foi formulada. En efecto, á vista do expediente observamos que o accidente que motivou o dano que da pé á formulación da presente reclamación ocorreu o día 22/08/2018, sendo este por tanto o *dies ad quo* a ter en conta para os efectos previstos no artigo 67 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando establece para reclamar o prazo dun ano a contar do feito que motiva a reclamación. Pois ben, sucede sen embargo que a reclamación foi presentada ante o Concello de Ribeira o día 22/11/2019, co que, en principio, resultaría sobrepasado o prazo dun ano sinalado e polo tanto o dereito a reclamar estaría prescrito.

Non convén esquecer, non obstante, o criterio *pro actione* que, conforme á doutrina e xurisprudencia dominantes, rexe a materia e que ten, entre outras consecuencias, a de que o dito prazo se entenda sempre como de prescripción e non de caducidade polo que será susceptible de interrupción. Tal formulación impón que o prazo de reclamación non se teña que computar necesariamente dende a data na que se produciu o dano, dado que a constancia da existencia de actuacións por parte do interesado tendentes ó esclarecemento dos feitos para restablecer a situación patrimonial alterada polo evento lesivo, interrompe aquel, que deste modo volverá a iniciarse tan só cando as ditas actuacións teñan concluído. En definitiva, cun criterio xenerosamente amplo, como é o que prevalece na actualidade, que atenúa incluso o rigor na apreciación das causas interruptivas, produce a interrupción do prazo de prescripción, calquera actuación do prexudicado, en estrita relación cos feitos polos que se reclama, tanto na orde administrativa como xurisdiccional, que evidencia a súa inequívoca intención de manter viva a acción de reclamación fronte á Administración autora do acto polo que reclama.



FIRMANTE - FECHA





Así o Consejo de Estado ten declarado que *“el plazo de prescripción de un año para promover la acción de responsabilidad extracontractual de la Administración, debe interpretarse en sentido flexible, antiformalista y favorable al perjudicado, de tal suerte que las actuaciones judiciales interrumpen la prescripción para el ejercicio de la acción de responsabilidad de la Administración, de tal manera que, una vez concluídas las actuaciones judiciales comienza a computarse de nuevo el plazo de un año previsto al efecto.”*

En consonancia co dito, no presente caso, pódese afirmar finalmente que, se ben transcorreu o prazo dun ano dende que o accidente se producira (22/08/2018), dato determinante, en principio, da prescripción da acción que se dirixe fronte a Administración, sen embargo dende a dita data o interesado presentou unha reclamación de responsabilidade patrimonial fronte á Demarcación de Costas de Galicia, na crenza, que logo resultou errónea, de que esta Administración era a titular do lugar no que se atopaba a árbore que danou o vehículo e que polo tanto debía coñecer da reclamación. **Sendo así que a Administración estatal resolveu a reclamación en data 09/09/2019 (non consta a data da notificación da resolución) e que a reclamación obxecto deste expediente se presentou ante o Concello de Ribeira en data 22/11/2019, debemos entender que esta se presenta dentro de prazo.**

Por outra banda, e **segundo consta na documentación que forma parte deste expediente, o propio reclamante é o titular do vehículo á data do sinistro, polo que ostenta lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.**

Segundo o informe emitido na data 02/11/2020 pola enxeñeira municipal, a zona na que tivo lugar o accidente é de titularidade municipal, polo que a lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe pericial dos danos que o reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, a estes efectos, **a Policía Local no seu informe emitido na data 28/08/2018 afirma: “1.- Que sobre las 19:20 horas do día 22 de agosto de 2018 se recibió una llamada telefónica en la sala de la Policía Local comunicándonos que en el lugar de Insuela-Palmeira a la altura de la antigua fábrica se había caído una rama de un eucalipto sobre dos vehículos que se encontraban estacionados y que había causado daños a los mismos por lo que solicitaban la presencia de una patrulla de la Policía Local. Personados los agentes actuantes en el lugar pudieron comprobar la veracidad de los hechos denunciados, donde se observa una gran rama de un eucalipto que ha caído sobre dos vehículos que se encuentran estacionados. Acto seguido nos ponemos en contacto con la Sala para que avise al servicio municipal de**





Emergencias (GAEM), para que procedan a retirar la rama de los vehículos y poder comprobar los daños en los mismos. Realizada una primera inspección ocular al vehículo marca Skoda modelo Octavia matrícula 1216-CXZ se observan daños en su lateral derecho, abolladura de la aleta posterior derecha a la altura de la ubicación del piloto, ralladuras en la puerta posterior derecha y a la altura del techo. (Se adjunta informe fotográfico de los mismos). (...) Se realiza una inspección ocular dando el siguiente resultado; en primer lugar hacemos constar que esta vía pertenece a la red local (calle Río Azor nº 94 en la parroquia de Palmeira) cuya titularidad pertenece al Concello de Ribeira. Los vehículos se encontraban estacionados en batería en el margen izquierdo de la calle Río Azor sentido hacia Insuela, en la misma zona de estacionamiento hay varios eucaliptos de grandes dimensiones dentro de la zona de estacionamiento (...).

En canto á titularidade da zona na que se asentan os eucaliptos, a enxeñeira municipal, no seu informe emitido na data 02/11/2020, deixa claro que é municipal: *“La zona en la que tuvo lugar el accidente, es una zona de estacionamiento de vehículos que pertenece a la calle Río Azor, de la parroquia de Palmeira. Tanto la zona de estacionamiento como la dotación de aceras de la citada calle fue realizada por el Ayuntamiento de Ribeira, siendo por tanto esta Administración municipal, la titular de la zona, así como la administración competente para su mantenimiento y conservación. Dentro de la zona de estacionamiento se sitúan varios eucaliptos de grandes dimensiones, desprendiéndose de uno de ellos una rama que fue la que golpeó al vehículo del Sr. Buela Casal. Tal y como se pudo comprobar en este departamento, la zona de estacionamiento referida está dentro de la zona de servidumbre de protección y linda con una finca de uso forestal con la siguiente referencia catastral 15074A835000010000Z1, cuyo titular catastral es José Crusat Pardiñas.”*

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Skoda Octavia, matrícula 1216 CXZ, propiedade de Enrique Manuel Buela Casal.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 21/12/2020, e o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 22/12/2020, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Enrique Manuel Buela Casal, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 361,86 euros, que se abonará da forma seguinte: o Concello abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscriba polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 211,86 euros, mais os xuros legais que correspondan.





2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ANTONIO REIRIZ DIOS, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 3090 GTE OCASIONADOS AO BATER CUNS SINAIS QUE SE ATOPABAN NA CALZADA. EXPEDIENTE RESPO00005.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Antonio Reiriz Dios**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 09/01/2020, Antonio Reiriz Dios circulaba pola Avenida Ramiro Carregal no vehículo da súa propiedade con placas de matrícula 3090 GTE, cando, de súpeto, bateu cuns sinais que se atopaban tiradas no medio da calzada o que lle ocasionou unha serie de danos no referido automóbil.

SEGUNDO.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 12/02/2020 co número 2.073, Antonio Reiriz Dios promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira, polos danos sufridos no automóbil antes referido, que cuantifica na contía de 1.017,16 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia de factura pro forma, emitida por "Talleres Joaquín Sieira S.L." na data 29/01/2020, pola contía de 1.017,16 euros.

TERCEIRO.- Como consecuencia da instrución do expediente constan no mesmo: informe da Policía local emitido na data 12/11/2020; informe emitido pola entidade VIAQUA na data 18/11/2020; titularidade do vehículo; e informe emitido na data 30/11/2020 pola enxeñeira municipal.

CUARTO.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.





De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, a lexitimación activa para presentar a reclamación de referencia non a ostenta Antonio Reiriz Dios, senón Rosa M^a Sieira Queiruga, xa que é esta última a que aparece como titular do vehículo danado.

A reclamación presentase en tempo e forma idóneas, por canto a petición fórmulase antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.

A lexitimación pasiva, corresponde ao Concello de Ribeira, por ser a Administración titular da rúa na que aconteceu o accidente.



FIRMANTE - FECHA





Independientemente do *quantum* que, chegado o caso, proceda recoñecer, resulta demostrado o dano que motiva a reclamación tal e como se desprende do presuposto de reparación do automóbil que achega o reclamante.

Sentado o anterior, e entrando no exame do fondo do asunto, cómpre verificar a existencia, ou non, de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos producidos, é dicir, a verificación da existencia do dano e que este foi consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Para este efectos, **advírtese que no informe emitido na data 12/11/2020 pola Policía local dáse conta de que non hai constancia nin coñecemento dos feitos obxecto da reclamación.**

Segundo o informe emitido pola enxeñeira municipal, **no departamento de obras públicas do Concello tampouco se tivo coñecemento do sinistro polo que se reclama, sendo imposible determinar a causa dos danos.**

Especialmente significativo é o **informe emitido na data 18/11/2020 pola entidade VIAQUA**, no que se dispón o seguinte: *"1) O lugar que indica o reclamante estaba valado e sinalizado por mor dunha avaría na rede xeral de abastecemento municipal ocorrida nesas datas. 2) Unha vez reparada a avería da tubaría de abastecemento, deixouse valado e sinalizado o lugar, xa que quedaban pendentes os traballos de reposición do pavimento danado, que neste caso era a beirarrúa. 3) Como se pode observar no reportaxe fotográfico do parte do traballo feito polos operarios, tanto o valado como as sinais de obras estaban correctamente colocadas. Colocáronse sinais nos dous sentidos da circulación, no sentido de entrada o Polígono estaban colocadas no arcén e no sentido de saída estaban colocadas na beirarrúa. Pola localización da avaría na beirarrúa non foi necesario invadir ningún carril de circulación dos vehículos. 4) Non tivemos coñecemento do accidente que sufriu o vehículo ata que este servizo recibiu notificación dos feitos pola compañía de seguros do reclamante o pasado día 16 de marzo do 2020. 5) Non temos constancia algunha de que o citado vehículo batera coas sinais. Reclamamos á compañía de seguros o atestado da policía local e responderon que non contan nin existe informe por estes feitos. 6) As actuacións de Viaqua respecto a este incidente consistiron en recopilar a información existente da avaría co fin de verificar que non existía responsabilidade algunha nestes feitos e responder deste xeito a reclamación notificada pola compañía de seguros do afectado (...)."*

Dos informes recadados na instrución do expediente, pódese chegar á conclusión de que non resulta acreditado o nexo causal entre os danos producidos no vehículo do reclamante e a actuación da Administración.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/12/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Antonio Reiriz Dios polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.





3.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JUAN JOSÉ GÓMEZ CRUJEIRAS, POLOS DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POR MOR DO MAL ESTADO DA TAPA DUN SUMIDOIRO. EXPEDIENTE RESP000001.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Juan José Gómez Crujeiras**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 21 de decembro de 2019, Juan José Gómez Crujeiras, con DNI número 52.931.854-E, circulaba pola Rúa Castelao, parroquia de Aguiño, no vehículo da súa propiedade marca BMW, con placas de matrícula 7271 JMC, cando, de súpeto, bateu contra o mesmo a tapa dun sumidoiro que estaba mal colocada, o que lle ocasionou unha serie de danos no referido automóbil.

SEGUNDO.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/01/2020 co número 672, Juan José Gómez Crujeiras promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira, polos danos sufridos no automóbil antes referido, que cuantifica na contía de 580,80 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: factura emitida por “Juan Gonzalo Carballo Vilán” na data 13/01/2020, pola contía de 580,80 euros.

TERCEIRO.- Como consecuencia da instrución do expediente constan no mesmo: informe da Policía local emitido na data do sinistro; informe da Policía local emitido na data 12/05/2020; informe emitido pola entidade Viaqua rexistrado de entrada na data 29/06/2020; certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña; e informe emitido na data 25/11/2020 pola enxeñeira municipal.

CUARTO.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que consta a presentación dun escrito por parte da entidade de seguros Mapfre Seguros de Empresas, no que se dispón que o municipio de Ribeira foi consorciabile para as TCA entre o 16 e o 22 de decembro de 2019, e que dos informes aportados recóllese que os danos no vehículo ocasionáronse pola tapa do sumidoiro que se veu desprazada polo efecto do temporal de chuvia e vento, polo que tendo isto en conta o prexudicado debería desistir na súa reclamación ao Concello e dirixirse directamente ao Consorcio de Compensación de Seguros para que se faga cargo dos danos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.





SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-



FIRMANTE - FECHA





En referencia agora ó presente caso, a **lexitimación activa para presentar a reclamación de referencia a ostenta Juan José Gómez Crujeiras ao ser o titular do vehículo danado, segundo** resulta acreditado pola certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, rexistrada de entrada na data 09/11/2020 co número 14.816.

A **reclamación presentase en tempo e forma idóneas**, por canto a petición formúlase antes de transcorrido un ano a contar desde a data do sinistro.

Segundo o informe emitido na data 25/11/2020 pola enxeñeira municipal, tanto a rúa Castelao, parroquia de Aguiño, como a rede de saneamento da mesma son de titularidade municipal, polo que a lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira. A este respecto cómpre sinalar que os servizos de sumidoiros e pavimentación das vías públicas son servizos que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura de reparación do mesmo que achega o reclamante coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

En primeiro lugar, como se desprende con claridade do informe emitido pola enxeñeira municipal, o sumidoiro que causou os danos ao vehículo en cuestión pertence á rede de saneamento municipal. Isto fai que a reclamación debe entenderse acertadamente dirixida á esta Administración municipal, por formar parte o referido sumidoiro do seu patrimonio público.

Agora ben, por enriba deste dato material, constatado no informe da enxeñeira municipal, é preciso apreciar outras circunstancias de necesaria estimación a efectos da determinación da antixuridicidade do dano:

- a) **Non consta acreditado no expediente que o sumidoiro causante do accidente presentase un mal estado, ou calquera outro defecto capaz de xerar un risco de accidente na rúa.** Así se desprende do informe emitido pola entidade VIAQUA, que dispón: "(...) 3) *A tapa de saneamento obxecto da incidencia atopábase e atópase en boas condicións (...)*"; e do informe emitido pola enxeñeira municipal no que se fai constar que: "(...) *puede afirmarse que la red de saneamiento de la zona está en buenas condiciones, sin que conste la existencia de defectos que pudiesen ocasionar el siniestro por el que se reclama (...)*."
- b) **O accidente produciuse, segundo todas as versións, por efecto directo e exclusivo do temporal de chuvía e vento.** Así, no informe emitido pola policía local na data 12/05/2020 dispónse que: "(...) 2. *El siniestro se produjo a causa del temporal de viento y lluvia que provocó que la tapa de la alcantarilla se levantase desplazándose de su ubicación original. (...) 4. Se desconoce si para la*





producción del resultado del siniestro, medió en algún momento alguna conducta del conductor, ya sea negligente o temeraria, si bien, ésta no tiene por qué ser necesaria para la determinación del accidente a la vista del temporal que se registraba en ese momento.” Por outra banda, a entidade Viaqua no seu informe afirma que: “(...) 4) A orixe do sinistro non se debe a tapa do sumidoiro, que estaba e está en boas condicións. Segundo a documentación da que dispoñemos, o día dos feitos producíronse importantes ráfagas de vento e chuvias en todo o Concello que provocaron varias incidencias na rede de saneamento (tapas fóra do sitio, inundacións nalgunhas rúas...). A rúa Castelao foi unhas das afectadas (temos algún aviso ese día na rúa Carreiro, moi próxima á Castelao), de que a rede de saneamento non era capaz de asumir todo o caudal entrante por mor das chuvias, excedendo a súa capacidade hidráulica, e desprazando coa presión do auga algunha das tapas de rexistro. Seguramente esta sexa a causa do sinistro. (...)”. Concluindo a enxeñeira municipal no seu informe que: “(...) Se trata, como bien se determina en los informes que ya constan en el expediente, de un episodio de lluvia intensa y cuando llueve de esa manera ningún tubo es capaz de absorber tal cantidad de agua de forma tan rápida. No se tiene más que informar al respecto.” Por último, lémbrese que, tal e como asegura a entidade Mapfre no escrito presentado, o termo municipal de Ribeira aparece na relación de municipios afectados pola tempestade ciclónica atípica do 16 ao 22 de decembro de 2019, do Consorcio de Compensación de Seguros.

O conxunto de circunstancias descritas dan pé para entender que o accidente non pode implicar, polas súas consecuencias danosas, a responsabilidade patrimonial obxectiva da Administración municipal, na medida en que non se dan os elementos materiais ou presupostos mínimos que a fundamenten, ao non deberse os danos denunciados a unha omisión ou negligencia do servizo público viario, senón a un fenómeno meteorolóxico de carácter excepcional ou extraordinario que debe ser considerado como causa de forza maior, xa que non se apreciaba no sumidoiro defecto algún que puidera determinar certo grado de responsabilidade da Administración.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnica de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/12/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Juan José Gómez Crujeiras polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

XI.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **María Carmen González Arias**, de data 23/12/2020 (Rexistro de entrada nº 17.562), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Robalo (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/12/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Conceder a María Carmen González Arias autorización para a instalación dun **sinal de vao permanente** (3,50 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Robalo (Aguíño), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

APROBACIÓN CONVENIOS DE COLABORACIÓN

1.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O CLUB DEPORTIVO AS MIÑOTEIRAS FS

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría**, de data 04/12/2020, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Deportivo As Miñoteiras FS**” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Deportivo As Miñoteiras FS**” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao Club Deportivo As Miñoteiras FS a cantidade de 1.349,60 € en concepto de subvención (con cargo á partida 341-48000 do orzamento municipal).

2.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O CLUB NATACIÓN RIVEIRA

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría**, de data 07/12/2020, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Natación Riveira**” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/12/2020.





Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e o Club Natación Ribeira”** aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar ao Club Natación Ribeira a cantidade de 6.605,42 € en concepto de subvención (con cargo á partida 341-48000 do orzamento municipal).

3.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A PEÑA CICLISTA TAHUME

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría**, de data 07/12/2020, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Peña Ciclista Tahume”** aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Peña Ciclista Tahume”** aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar á Peña Ciclista Tahume a cantidade de 730,80 € en concepto de subvención (con cargo á partida 341-48000 do orzamento municipal).

4.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E O CLUB SANTA UXÍA ATLETISMO

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría**, de data 07/12/2020, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e o Club Santa Uxía Atletismo”** aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e o Club Santa Uxía Atletismo”** aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar ao Club Santa Uxía Atletismo a cantidade de 2.842,13 € en concepto de subvención (con cargo á partida 341-48000 do orzamento municipal).





5.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O CLUB KEMPO BARBANZA

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría**, de data 07/12/2020, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Kempo Barbanza**” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Kempo Barbanza**” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao Club Kempo Barbanza a cantidade de 5.130,27 € en concepto de subvención (con cargo á partida 341-48000 do orzamento municipal).

6.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O SÁLVORA C.F.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría**, de data 09/12/2020, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e o Sálvora C.F.**” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/12/2020.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o “**Convenio de colaboración entre o Concello de Riveira e o Sálvora C.F.**” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao Sálvora C.F. a cantidade de 5.221,94 € en concepto de subvención (con cargo á partida 341-48000 do orzamento municipal).

7.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E O CLUB REMO NÁUTICO DE RIVEIRA

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Deportes, Juana Brión Santamaría**, de data 11/12/2020, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de**





colaboración entre o Concello de Riveira e o Club Remo Náutico de Riveira” aos efectos de impulsar a práctica do deporte no concello.

